Nº 2 - 2019

ROMPETIÑO

Culturiña

Desde Porto do Son para o mundo

ROMPETIÑO.ORG

Entrevistas exclusivas

Gairah Praskovia
A artista interdisciplinar máis rompedora

Louroness
A campaña publicitaria do Rompefest arrasa nos medios



SE NON QUERES MONSTROS RECICLA

rompejumpfestival

Porto do Son

Falamos da cultura urbana con nomes propios

Fernando Costa - Ritmo Urbano - Fusa Nocta - Paula "Pirata" - Buenacalle

BATALLA DE GALLOS
BREAKDANCE
GRAFFITI
PARKOUR
SKIMBOARD
KIDS ZONE

FLATLAND
DIRT JUMP
SKATE
BMX
RAP
ROLLER

2019

ROMPETIÑO JUMP

FERNANDOCOSTA · Shotta · Recycled J HOSTED BY SELECTA

Dollar Selmouni · ERIN

BTA · Zasko · Master · Greensoul Ganador edición 2018 · +Gañadores batallas previas

STEELO F | GREAT KINGS | EL SOED

DJ MARTIN PÉREZ | KAIXO | KIKE VARELA | DJ MIL | GROOVE AMIGOS

Venda de entradas físicas :
Santiago de Compostela: Cafetería Granier | Porto do Son: TresSesenta | Noia: Paco´s Moda | Boiro : Paco´s Moda | Ribeira: Lolita Moda
Pontevedra: Lolita Moda | A Coruña: Discovery Music
+ info en @rompejumpfestival
rompetino.org

PORTO DO SON, 5-6-7 XULLO

ROMPETIÑO FESTIVAL

Puerto de Indias Sevilla GIN Premium · Deputación DA CORUÑA · Organiza: Rompiente · CONCELLO DE PORTO DO SON · Mahou

NOTA EDITORIAL

Os deportes, a música, as artes, os versos...todas elas disciplinas que requiren de constancia e dedicación, dan como resultado formal un proxecto que aposta por ofrecer arternativas culturais ás festas populares. Intentando ofrecer novas propostas de difusión que marquen diferencia, nesta edición decidimos implicarnos cunha mirada diferente hacia o mar e inventar un monstro que representase o descontento das costas ao recibir lixo. Monte Louro é algo que levamos no "corasón" e foi alí onde decidimos facer o primeiro avistamento do Louroness. O noso propósito foi poñer en valor unha ría que non recibe trasatlánticos pero si a vía de entrada marítima máis próxima a Compostela do camiño de Santiago.

Moitísimas grazas a todas e todos os que facedes posible que cada ano isto sexa unha realidade.

"Se non queres monstros, recicla." *Louroness*

WWW. ROMPIENTECLOTHING.COM

O Rap é da

ROMPETIÑO JUMP

PORTO DO SON

costa



Panorámica de Porto do Son, ca.1933-1934.
Arquivo dixital do Museo Marea.
Foto Ramón Caamaño. © Herdeiros de Ramón

Vista de Porto do Son desde o monte Dordo.
Postal de Ramón Caamaño do álbum Recuerdo de Puerto del Son y el Castro, 1933. Arquivo dixital do Museo Marea.
Doazón de María Teresa Blanco Alvite.

SUMARIO

pax 10 **Fernando Costa**
pax 12 **Gairah**
pax 16 **BuenaCalle**
pax 19 **Ritmo Urbano**
pax 24 **Paula aka Pirata**
pax 29 **Fusa Nocta**
pax 32 **Great Kings**
pax 36 **Skate Hasta Que Me Mate**
pax 40 **Raúl Suárez**
pax 44 **Fernando de Castro**
pax 46 **Comer e durmir en Porto do Son**
pax 53 **Programación Cidade Rompetiño 2019**
pax 54 **Programación Rompetiño Jump 2019**

ROMPETIÑO

O NOVO LICOR CUN TOQUE PICANTE QUE É

TODOLOCURA

DISFRUTA DUN CONSUMO RESPONSABLE. 30°

DESCUBRE O SHOT QUE VAI ROMPER NO

ROMPETIÑO

BARRICA DE MAHOU
BOURBON
GOZA O
ROMPETIÑO
COA BARRICA
DE MAHOU
Mahou
BARRICA
BOURBON
ROBLE AMERICANO
BARRICA
Mahou
MAHOU RECOMENDA O CONSUMO RESPONSABLE. 5,6% VOL.

ENTREVISTA

FERNANDO COSTA

Artista musical

O Rompetiño, dentro da nosa filosofía de festival, ano tras ano sorprende cun cabeza de cartaz que comeza a estoupar artisticamente. Fixémolo con Kidd Keo en 2017, Rels B no 2018 e estamos completamente convencidos que a progresión de Fernandito será igual de espectacular. E un artista humilde, da rúa, irmán dos seus amigos e fiel ós seus principios, e ese tipo de actitudes nótanse cando recibes a entrevista en audios no teu whatsapp. Fernando Costa vai petar o son e vai petar as listas de reproduccións. Se o perdedes en directo o día 5 de xullo seguro que vos arrepentiredes.

Cales son as temáticas que te motivan para escribir?

Pois, principalmente a miña familia, os meus amigos e as cousas que me pasan día a día. Iso é o que me motiva, escribir e vivir máis que nada.

Cal é o teu momento ideal para escribir?

O meu momento ideal para escribir é calquera, a verdade, non teño unha forma de escritura moi organizada, son moi caótico. E nese sentido, estou escribindo ao mellor nunha furgoneta, na miña casa, no hotel en algún concerto… Pódese dicir que non teño un lugar nin un momento preciso.

Cales son os estilos que escoitas que non sexan Rap?

Os estilos que escoito sen ser Rap, por decilo así ... pois Flamenco, Música electrónica, Trap. A música electrónica porque me criei en Ibiza e iso foi o que escoitei sempre, ainda que agora teñoa un pouco mais aborrecida.

A que te adicarias se non foses artista?

Pois a verdade, non sei que estaría facendo, antes recollía vasos fai tan só tres anos e só eramos traballadores de tempada, nunca tiñamos traballo durante o inverno en ibiza, entón seguramente seguiría buscándome a vida.

Cales son as tuas influencias musicais?

As miñas influencias musicais en torno a música rap, pois CPV, Mucho muchacho, e logo descubrín Violadores Del Verso e toda a escea musical nacional. Pero principalmente CPV e Mucho Muchacho. Fora do rap gustame o Flamenco, reggae sobre todo BOB MARLEY.

Como foron os teus inicios na música?

Os meus inicios na música foron basicamente porque meu veciño deume un par de discos de rap e ahí comecei a escoitar a xente que rapeaba e nese momento ... chamoume moito a atención. Podía facelo na casa eu so, entón como eses discos traían instrumentais soltas, comecei a poñelas e a escribir as miñas primeiras letras, con tan só 13 ou 14 anos, ata os 16 ,17 anos non comecei a facer cancións como tal.

Quenes son as persoas máis importantes para ti?

As persoas máis especiais para min, ás que lle debo todo son: a miña familia e os meus amigos que estaban ahí antes de que todo comezara. Eles axudáronme sempre, motiváronme a seguir cara adiante e poñelo todo nunha cousa que non sabemos si nos vai dar unha resposta clara o día de mañan . Na música cando empezas apóstalo todo xa que o tren pasa unha vez.

Cal e a parte que mais che gusta do teu traballo?

A parte que máis me transmite e que máis me gusta é a hora do concerto: ver a esa xente con esa cara, rapeando as nosas cancións ao mesmo tempo que nós, chorando, rindo… Iso é o mellor momento e o que máis desfruto do meu traballo, ao mesmo nivel desfruto ir o estudio a escribir as miñas cancións e todo o que engloba o proceso de creación

O que menos che gusta?

O que menos me gusta e estar sempre de viaxe, lonxe da miña casa pero son cousas do traballo e que se levan con ledicia.

Que ten que ter un festival para que te sintas cómodo?

Pois que teña un público ben contento e ben alegre, e que estemos ben coidados, unha boa organización pero iso é o que adoita acontecer normalmente, nunca tivemos ningún problema. Mentres a xente esté contenta e con ganas de vernos, iso é o único que necesitamos.

Cal e o mellor momento que recordas enrriba dun escenario?

Un dos mellores momentos que recordo nun escenario foi en Zamora, hai dous anos, cando fun só a ``La Cueva Del Jazz´´ sen coñecer a ninguén, cun pen drive no bolsillo e alá coñecín a un DJ que se puxera en contacto con nós previamente. Alí fixemos un Sold Out ben bonito, de 140 persoas. Nese momento estaba crecendo a movida bastante rápido, ese é un dos mellores momentos. Outro que podo destacar foi no Viña Rock de hai dous anos con Ayax y Prok, tamén foi moi especial.

ENTREVISTA

GAIRAH

Artista multidisciplinar

Gairah Praskovia, artista multidisciplinar ferrolana de 23 anos, provocadora, provocativa e intensa en todas as facetas da súa vida. Citámosnos con ela no aeroporto de Santiago para manter esta íntima entrevista que amosa o verdadeiro potencial dunha creadora que rompe sen pudor con moitos dos esquemas tanto ideolóxicos como artísticos. Contrastan os seus debuxos bizarros coa súa voz doce, pero todas as súas palabras manteñen un discurso firme, coherente e que dará moito que faltar no mundo do arte.

Con 14 anos autoproclámase Gairah e comeza a empregar Praskovia cando se introduce no mundo do porno webcam como forma de interación social. Confésase como unha heremita en potencia pois non lle entusiasma relacionarse coa xente e atopa nestas relacións a distancia un xeito de abrir unha ventá ao mundo do sexo das persoas. Valo perder? A nós conquistounos.

PATROCINADOR ROMPETIÑO 2019

ENTREVISTA

GAIRAH

Entendo que te defines como artista Gairah pero, cando comeza todo para ti en relación á arte?

Non teño conciencia de cando comecéi con isto, na miña familia xa deron por feito o meu matrimonio concertado coa arte. Dende moi pequeniña xa traballaba co meu pai, pois el adicábase á escultura, e eu estaba inmersa dentro dese mundo do debuxo e a pintura.

O noso proxecto básase nas segundas oportunidades que ofrece a vida, a formación, as persoas,... e nace nun instituto. Como foi o teu paso por el?

Os anos que estudei a ESO marcáronme de xeito negativo, porque sentín que me facían algo de bulling, chegando a tal punto que me negaba a presentar traballos nas materias de Plástica, tocar en Música o a poñerme o chandal de Educación Física. Facíao simplemente por vergoña, para que non me dixeran nada.

Foron anos malos pero ao facer o tránsito da ESO ao bachiller artístico sí que sentín que atopaba xente parecida a min. Por fin sentía poder expresarme libremente e dixen, agora xa non me para ninguén.

Cara onde che gostaría medrar profesionalmente?

Gústame a investigación, gustaríame fusionar a filosofía co mundo da arte focalizándome no estudo da expresión e da sexualidade, sobre todo en épocas arcaicas, dende a prehistoria ata a actualidade. Creo que nos próximos anos me gustaría profundizar sobre todos estes temas.

As túas obras teñen unha liña gráfica moi característica, pois parece como se tatuaxes a pel ao papel ou ao soporte das obras. Lembran ao teu corpo pintado. Por que elixes esa técnica gráfica?

A finais de 2017 diagnosticáronme transtorno límite de personalidade, cun cadro de ansiedade brutal. No momento no que comezo a medicarme e a tratar deste tema consigo estabilizar e entender cuestións propias da miña conducta, de feito, os debuxos que fago non teñen matices de grises por ser un reflexo deste diagnóstico; de ben a mal, de branco a negro, sen matices, sen escalas. Relaciónase tamén coa necesidade de facer tatuaxes ou de sentir a tinta na pel, pola dor placenteira que aporta. Con respecto aos tatuaxes, comecéi a engancharme a eles ata que decidín facerme un no rostro que pon "Honor", para que non esqueza nunca que debo respectarme e que me lembra dalgún xeito ás recomendacións da miña nai para non liala.

Atopo na túa obra alusións e influenzas co arte bizarro, pero cales son os teus referentes artisticos?

Unha das primeiras influencias foi un xénero de producción visual xaponés chamado Shunga que ten como principal representación o sexo. Pertenence ao periodo Edo xaponés (1603-1867) que debuxaba escenas sexuais nunha época na que en Europa había moita represión. Isto levoume a indagar máis sobre o tema e escollelo como temática de traballo. Artistas que para min son referencias son Toshio Saeki, Shintaro Kago o Suehiro Maruo que van dende o manga ata a arte bizarra e surrealista, pero recoñezo que o barroco atráeme máis polo horror vacui.

ENTREVISTA

BUENACALLE

Medio de comunicación musical

Buenacalle.es ve a luz no ano 2015 como un medio de comunicación galego independente que ten as súas raíces na cultura urbana. Esta idea nace co fin de potenciar a diferentes persoas nos seus proxectos artísticos. Informan tanto de salas, eventos, novos proxectos artísticos, axencias e promotoras, grupos emerxentes. Coñecimos este ano a Rubén a súa cara visible e a sintonía con el foi inmediata, por iso vos presentamos o seu proxecto.

Levas moitos anos no mundo do hiphop, Cal foi ti primeiro contacto co rap? Cóntanos un pouco os comezos

O meu primeiro contacto coa cultura urbana data do ano 2004 / 2005 no meu regreso a Ferrol desde Cartaxena. Todo inicio desde 0 é duro cando non coñeces a ninguén e naqueles tempos era un mozo moi tímido e calado.

A cultura urbana acolleume, dándome a oportunidade de: vivir experiencias, coñecer moitas persoas con inquietudes similares, superarme á miña mesmo e dar unha razón para seguir adiante.

Que crees que ten que ter un festival para ser un referente?

Para ser un referente necesítase ter uns alicerces básicos definidos, constancia no tempo, capacidade de adaptación, estar aberto á innovación e ter en conta as opinións...demandas e queixas do público obxectivo.

Que é para ti o hiphop?

Unha familia que abre as portas a tod@ s sen condicións.

Que é "Buenacalle"? E como empezaches? Cóntanos un pouco esta bonita historia

Buenacalle ve a luz no ano 2015 como un medio de comunicación independente que ten as súas raíces na cultura urbana.

Esta idea nace co fin de potenciar a diferentes persoas nos seus proxectos artísticos. Informamos tanto de salas, eventos, novos proxectos artísticos, axencias e promotoras, grupos emerxentes, etc.

Inicialmente máis centrada no rap e o reggae, Buenacalle expandiuse chegando mesmo ao street dance, rock e apadriñando a algúns artistas.

Para desempeñar este labor, Buenacalle conta cun grupo moi diverso de colaboradores: fotógrafos, redactores, deseñadores, camarógrafos e expertos en redes, publicidade e márketing. Grazas a eles e a vós, este proxecto pode seguir crecendo e evolucionando.

Como ves o futuro do panorama musical actual dentro do marco do rap?

Vexo un futuro cheo de fusións moi afastado do rap clásico estándar

Tras moito anos loitando empeza a asimilarse a música alternativa no mercado comercial e nos medios masivos.

Crees que o Rompetiño Jump pode chegar a ser un referente no panorama nacional como festival?

Considero que ten uns alicerces básicos fortes e moi ben definidos, para facerse un oco no circuíto nacional. Estes alicerces sumados á interacción directa co publico, son as claves do éxito.

Quen é as persoas que máis che axudaron co proxecto de boa rúa e todas as cousas que facedes?

Mario Moise (GonerStudio), Olalla Dopico e María Sihiro

ASESORIA FISCAL
Sanmamed
Avda de Galicia nº 38
Telefono 981 76 74 32
15970 PORTO DO SON
(A Coruna)

SIXT

rent a car

ENTREVISTA

RITMO URBANO

Programa La 2

Este ano entramos en contacto co programa da 2 de TVE Ritmo Urbano, están pola súa sexta edición e manteñen o pulso e o impulso do hip hop en España. Desde esta plataforma podemos entender e gozar de versos tanto plásticos como sonoros desta cultura, acompañado das primeiros espadas do panorama actual. Para nós son un referente de compromiso por defender uns valores nos que coincidimos. Un traballo titánico que levan entre Paula Pérez Ordóñez e Francisco Reyes rompendo estereotipos de producións audiovisuais complexas. Quen dixo medo!!

O noso proxecto nace en 2012 e sentimos que íamos crecendo segundo pasaban as tempadas de Ritmo urbano. Como vos liastes a manta á cabeza e decidistes metervos en semellante liada?

Pois cara ao ano 2000, eu ideara un programa que se chamaba "Misión Hip Hop". Fixen un dossier e empecei a movelo por diferentes televisións. A resposta foi xeneralizada: "Isto que é?" "Que é iso do hip hop?". Ninguén entendía nada. Así que decidín gardalo nun caixón ata novo aviso.

No ano 2009, en plena crise económica, decidín empezar a mover aquel dossier de novo a ver se conseguía algo de cartos. Fixen un piloto e novamente as teles pasaron de min e do hip hop. Foi en 2011, cando xa á desesperada, conseguín que un directivo de TVE accedese a ver o piloto. Gustoulle e déronme o OK á emisión do programa. Cun pequeno detalle: non nos ían a pagar. Pero xa daba igual, chegados a ese punto e con toda a xente á que había involucrado, non podía botarme para atrás. E así foi como arrincamos.

ENTREVISTA

RITMO URBANO

A arte e a cultura urbana leva moito tempo acompañando xa a diferentes xeracións, en que notades que se diferencian as anteriores á actual?

A nós pillounos xa a xeración millenial como espectadores e creo que iso non cambiou nestes sete anos. O que lles caracteriza é que non ven algo completamente concentrados. Poden ter a tele posta e ven noso programa pero á vez están co Facebook, co Twitter, con Instagram, co Whatsapp… por tanto, a atención no que estamos a emitir é moi relativa. Eles funcionan a base de impactos, así que non podes emitir unha entrevista longa e profunda porque se desconectan. Metendo ritmos, cores, sons e algo que lles faga mirar á pantalla, é como tentamos captar a súa atención, pero somos conscientes de que competimos contra unha chea de impactos visuais e sonoros simultáneos e é moi complicado.

A evolución das rimas do rap cara ao trap moven os cimentos dos máis puristas, estamos a facernos vellos algúns? Como vedes o panorama musical actual?

Eu é que creo que son cousas diferentes. Non o vexo como unha evolución. É outro xénero musical e non é hip hop. De feito, eles non se consideran hip hop e dino sempre. Así que agora hai dúas escenas: a do rap, cada vez máis minoritaria e a do trap, que son rapaces moi novos cunhas bases moi chulas e unha rima sinxela. Non poden " rapear" como Chojín ou Kase O porque lles levan 20 anos de vantaxe e por iso recitan dese xeito. Non pasa nada. Podemos convivir. Pero nin uns queren ser hip hop nin o hip hop quere ao trap dentro, así que todos contentos menos a xente que non entende disto ou os medios que se empeñan en fusionalo.

Sempre estivéchedes moi ben acompañados de colaboradores de primeiro nivel como o Chojín, o Langui ou a posta de longo de Arkano que xa ten programa propio. Como conseguides unha produción tan currada xa que estamos seguros que disto non vos pagades o pan?

Pois parece incrible que o fagamos como o facemos, pero vou contar a verdade: somos dúas persoas as que ideamos, guionizamos, producimos, realizamos, gravamos, editamos, levamos as redes sociais e facemos a entrega a TVE e facémolo cunha mochila con dous cámaras réflex Nikon 7100, un micro Rode unidireccional, un micro de gravata, dúas leds e dous computadores portátiles para ir montando as pezas e montar cada programa antes da entrega. Orzamento cero e xa. Así funcionamos, aínda que haxa xente que pense que así é imposible facer televisión. Así o facemos desde fai sete anos.

Non sei se coñecedes o noso festi...Para cando unha reportaxe do Rompetiño en Ritmo Urbano? :))

Para cando nos convidedes e paguédesnos a viaxe (jeje) porque xa sabes que non temos cartos para viaxar nin para nada.

(Dito e feito … así que os veredes en xullo)

Que vos move a facer este programa?

O amor á cultura hip hop (quero deixar claro que o hip hop non é o rap). O rap é un simple estilo musical. O hip hop é grafiti, break, dj, beatbox e rap e nós sacamos todos os elementos en cada programa. Nunca deixamos fora un deles.

Tamén nos motiva saber que se non o facemos nós, probablemente non existiría un programa da nosa cultura na televisión, porque supoño que ninguén quere facer isto gratis.



IMPRENTA
ARIGRAF
ARTES GRÁFICAS
Tras da Estivada, 3 Montouto - CACHEIRAS - 15886 – Teo (A Coruña)

Comproba os nosos fabulosos precios

Tlfn. 981 549 600 / www.arigraf.es / arigraf@arigraf.es

MC BIKES NOIA
BICICLETAS
ACCESORIOS
MECANICA
TELF: 881 94 10 55
mcbikesnoia@gmail.com

Electrodomésticos
PACHUCA
Praciña da Fonte, 5 - PORTO DO SON
activa
981 767 701
Electricidad | Fontanería | Calefacción | Gas
Telecomunicaciones y Multiservicios
Energía Solar para Calefacción y A.C.S.
Suelo Radiante y Energías Renovables
f.maneiro@hotmail.com
F Maneiro
ENTIDAD INSTALADORA AUTORIZADA
981 767 701 620 958 323

Panadería - Pastelería
Rivera
C/ Jorge Lorenzo, 4
15970 PORTO DO SON
Telf: 981 76 70 28
C/ Iglesia
15999 PORTOSÍN
Telf: 981 76 66 37
Vainilla y Gengibre
C/ San Andres, 22
15999 PORTOSÍN

PIZZERIA
ANXO
C/ Atalaia, 18
PORTO DO SON
PIZZAS
PARA
LEVAR
626 947 288 - 981 854142

RESTAURANTE
Porto Nadelas

PAVIMENTOS
NOIA

ENTREVISTA

PAULA aka PIRATA

Rider BMX

Paula, a Pirata, foi unha das reevolucións que puidemos ver na pasada edición do Rompetiño Jump en Porto do Son, a súa frestura e descaro sobre as dúas rodas encandilou aos asistentes e fixo que decidíramos adicarlle estas lineas na nosa revista. Pauliña, a por todas!!

Que foi o que máis te chamou a atención da BMX? E cales foron os teus comenzos?

O que máis me chamou a atención da Bmx, é que se poidan facer trucos increibles coa Bici ata pode voar con ela. A sensación de libertade que che transmite, non o consegues con ningún outro deporte. Non compites en equipo senón que compites ti soa coa bici.

A primeira vez que mirei montar, foi mirando a un amigo chamado Alex, coñecido como "Minipro", montando no seu skatepark "Tíralle no aire". E foi él, quen me prestou a súa bici de cando era pequeno e desde aquel día, non a deixei. E o meu primer desexo era mercar a miña bici, e en Agosto 2017 tiven a miña primeira Bmx. E me anotei a meu primer campeonato, o Marisquiño sen ter sequera moita experiencia. Pero poder montar en rampas grandes e superarse é o que máis me gusta.

Hai moitas chicas que practiquen esta disciplina? Que lle dirías ao resto de rapazas para que se animen a empezar con este deporte?

Chicas hai realmente poucas montando. De feito, en Vigo éramos 2 nenas, pero agora adoito montar xeralmente con chicos. Xa me acostumei a montar con chicos xóvenes ou maiores.

Eu animo ás demais chicas a practicar este deporte, e esquecerse dos prexuizos que hai sobre isto. Non é un deporte só para chicos, en este deporte fai moito a constancia. Hai que superarse cada día e se caes tes que volver a levantarte e voltar a intentalo. E os demais riders, sempre te están animando e apoiando, sen contar a túa idade ou sexo.

Quen é o rider que ollas para seguir mellorando?

O meus riders favoritos son: Logan Martin, Nina Burrito, Lara Lessman e Tere Williams. En canto a miña mellora, sempre trato de aprender de todos os riders os que montan nos diferentes skateparks.

Gústache o rompetiño jump? Que foi o que mais che gustou a pasada edición?

O rompetiño jump gusta me moito. As rampas foron incribles, e foi un día especial para min, xa que foi a miña primeira vez que subín a un funbox. O ambiente foi expectacular e espero repetir este ano e a ver se anima algunha nena máis.

Cal é a túa comida favorita?

A miña comida favorita, son as albóndigas con tomate e arroz.

Rampas ou street? Que ten que tener un bo skatepark?

Eu prefiro rampas que street, xa que preciso máis enerxía e estar full.

Un bo skatepark, ten que ter unhas boas rampas, un spine, un funbox, un gran bowl e uns quarters desafiantes e unha pista de street para practicar.

PAULA aka PIRATA

Que tipo de música che gusta? Cal é o teu artista favorito?

En canto a música, gústame un pouco variado pero ACDC é o meu grupo favorito para montar xa que da enerxía, pero tamén escoito hip hop, rap e rock.

Cal é a maniobra máis difícil que te sacas? A maniobra que se che resiste?

A miña maniobra máis difícil é o "Nofood" e estou intentando sacar o fakie pero fáltame ao final, coller o pedal para recuperar. E teño que comezar aprender a facer aéreos, pero é un reto que aínda non está conseguido e que aí da me falta por adestrar.

Que deporte farías se non practicaras BMX?

Se non practicara Bmx, xogaría ao fútbol.

A que che gustaría adicarte de maior?

De maior gustaríame ser Profesora de Educación Física ou Veterinaria.

Chicas hai realmente poucas montando. De feito, en Vigo éramos 2 nenas, pero agora adoito montar xeralmente con chicos. Xa me acostumei a montar con chicos xóvenes ou maiores.

O rompetiño jump gusta me moito. As rampas foron incribles, e foi un día especial para min, xa que foi a miña primeira vez que subín a un funbox. O ambiente foi expectacular e espero repetir este ano e a ver se anima algunha nena máis.

Rompiente

ENTREVISTA

FUSA NOCTA

Artista musical

Miriam Nares Signes, coñecida como Fusa Nocta nace en Gandía, en 1994. É unha das personalidades máis interesantes do trap emerxente do panorama nacional. Esta trapera deu o seu primeiro salto na pequena pantalla, nun coñecido reality de televisión. Aterriza dentro do Rompetiño na súa festa inaugural na Sala Malatesta o 25 de maio para dar moito de falar pola súa fortaleza feminina no escenario. Non a perdades de vista.

Defines o teu estilo musical dentro dalguna corrente?

Quero pensar que o estilo que fago é algo meu e novo, ainda que a grandes rasgos pode estar dentro do estilourbano.

Actuaches en Factor X e sorprendeunos moi gratamente a túa valentía para presentarte a un concurso dese tipo. Tras o teu reconto persoal da experiencia , Qué sacaches en limpo?

Que á hora de ir a un concurso da TV tes que ter moi claro o que queres e como queres facelo. Creo que o mellor é apostar pola túa propia música se a tes para que ao saír de aí o que fixeses dentro é o que es realmente e fora poidas seguir facéndoo.

O noso proxecto baséase en coñecer segundas oportunidades que ofrece a vida, a formación, as persoas.

O Rompetiño nace nun instituto. Como foi o teu paso por el?

Fixo, en parte, ser quen son hoxe en día, aínda que non é algo bo nin malo. Para o meu a frase "o que non che mata faiche máis forte" é totalmente falsa. Ás veces as cousas que nos pasan non nos fan aprender simplemente fannos dano e cámbiannos a forma de ser.

E que cambiou en Fusa Nocta no aspecto musical dos seus comezos agora?

Sigo sendo a mesma, só que sigo probando e experimentando novos sons e novos estilos, por iso a miña música non deixou de cambiar, nin espero que o faga.

É a primeira vez que che sumas ao noso proxecto, pois actuarás na Rompetiño Party en Santiago de Compostela o 25 de maio. Adoitas vir actuar a Galicia?

Só actuei unha vez en Galicia, foi o primeiro concerto despois dun tempo e foi unha boa experiencia. Lévome de aí a xente que vale moito a pena.

Cada vez que che vemos en escena che reinventas. A Rompetiño Party é a festa inaugural da edición 2k19. Tes preparada algunha sorpresa para a Sala Malatesta?

Espero levar música nova, a última vez que fun xa o fixen e sempre é guay levar ás salas cosas que aínda non sepublicaron.

As viaxes interminables dos artistas fan que a súa vida sexa unha montaña rusa. O amor e a carretera son compatibles?

Jajajaja non me gustan os moteis de carretera.

FUSA NOCTA

Estará na Rompetiño Party o sábado 25 de maio, na Sala Malatesta, de Santiago de Compostela.

el Correo Gallego

medio oficial do Rompetiño Jump

Apoiando o Deporte e a cultura galegos

ENTREVISTA

GREAT KINGS

Artista musical



No ano 2018 Great Kings aterrizou en Porto do Son da man de Erin nunha noite inesquecible. O madrileño de tan so 15 anos soubo gañarse ao publico do Rompetiño, e encandilar a nosa brigada. Este ano regresa pola porta grande co seu propio show na Music Zone 2k19 o venres 5 de xullo. Non o perdades, despois non digades que non avisamos ;)

Es moi xove, como foron os teus comezos no mundo do Rap?

Lembro uns rapaces que paraban no parque que estaba debaixo da miña casa. Escoitando a estes mozos foi como comecei a interesarme polo Hiphop, ata que un día decidín probar e intentar facelo eu. Dende entón, fun crecendo e aprendendo.

Que cousas che motivan á hora de escribir e cal é o mellor momento para facelo?

Motívame moito escoitar música porque danme ganas de facela, a mellor forma de escribir para min e escoitar todo tipo de música durante unha semana, logo pásome o día solo, escribindo. Ainda que escribo de moitas máis formas, no estudo, de viaxe, cos amigos, etc.

Quenes foron as persoas que máis che axudaron a crecer como artista?

``El puto Koke´´, Álvaro e Guille de `` Outer Space´´, tres persoas que para mí son irmáns, doulle dende aquí as grazas.

Se non foses Rapero que che gustaría ser?

Sen dúvida quedaríame con DJ ou Productor.

Que xéneros musicais escoitas que non sexan rap?

Flameco, rock & roll, reggaeton, trap, Música electrónica… Gústame todo tipo de música, non podería decirche só un xénero.

Que ten que ter un festival para sentirte comodo?

Sen dúbida, a xente que organiza o festival e que todo estea ben organizado.

Como coñeciches o ROMPETIÑO JUMP? Como ves o seu futuro?

Invitoume ``ERIN´´, e foi inesquecible, para mín é un pracer poder tocar neste festival, e creo que se segue neste camiño, poderá ser un dos máis grandes de España. A organización é xente xove e con ganas de máis cada ano, deséxolles o mellor e téñolle que dar as grazas polo trato recibido.

Que artistas che gustan dentro do mundo do Hiphop?

Non podería darche un só nome, iso depende máis do momento no que me poño a escoitar música... son moitos os raperos que me gustan.

Telf: 981 768 405 — Caamaño S/N — CP:15996 — Porto do Son

Calidad
al mejor precio

FROIZ

Siempre a su servicio

MercaMas Porto do Son

c/Atalaya, nº 1. Tel. 981 767053

REVESTIMIENTOS
C. Senra, s.L.
Tlf: 981 82 30 53 Móvil: 696 98 36 30

ENTREVISTA

SKATE HASTA QUE ME MATE

Falamos con D. Quintela. Un veterano do patín na zona da Barbanza e artifice do equipo Skate Hasta Que Me Mate. O que empezou como unha anécdota entre el e a súa compañeira, converteuse nunha excusa para pasarse máis horas enriba da taboa. Leva mais de 20 anos patinando, percorrendose calquer recuncho patinable co patin baixo do brazo.

Foto 1 - D. Quintela amosando a camiseta causante de todo
Foto 2 - Fs pop shove it Marcelo Lusardi. Foto: Javier Saavedra
Foto 3 - Wallride Javier Saavedra. Foto: Julen Merkader
Foto 4 - Ollie Iago Goyanes. Foto: Javier Saavedra

Como xurde Skate Hasta Que Me Mate?

SHQMM xurde por casualidade. A creadora do logo, Yolada Go (llanwafu nas RRSS) fixo o debuxo un dia aburrida no tren, e despois serigrafiou un par de camisetas para que meu amigo Javier Saavedra e eu levaramos ó Marisquiño, no ano 2014. Unha vez alí a xente empezou a preguntar por elas e se estaban a venda. Foron moitas as persoas que se interesaron e entón decidimos probar a facer máis e vendelas. Grazas a iso fixemos un equipo, viaxes e videos (podedes velos na nosa canle de youtube: Skate Hastaquememate) que apareceron en webs de skate nacional.

Qué actividades facedes?

Agora mesmo, por motivos laborais e porque algúns dos mebros do equipo están vivindo noutras cidades fora de Galicia, as viaxes de todo o equipo están paradas. Aínda así, algúns deles seguen grabando e producindo para sacar clips e fotos que se poden ver no noso instagram @skatehastaquememate.

Quenes formades o equipo?

Pois son 7: Javier Saavedra, Pedro Morales "Murcia", Adrián García Cárceles, Iago Goyanes, Marcelo Lusardi, Adrián Aldao e Santi.

Que opinas de que o skate sea deporte olimpico. Ou que tipo de visibilidade lle pode dar este paso ao movemento,

Personalmente a min non me fai moita gracia porque entendo o skate dunha forma totalmente oposta a o que son uns xogos olímpicos. E visibilidade está claro que vai a ter moita máis da que xa ten actualmente, que é moita. Non me vou a adentrar nese tema, só dicir que hai opinións para tódolos gustos.

Canto tempo levas patinando? e como te veias no teu pobo, cando eras un mincha, e eras dos poucos skaters que había no Barbanza? E como te ves ahora enriba dun skate?

Dende neno xa baixaba costas e estaba todo o día co patín a voltas, pero a primeira táboa boa que tiven debeu ser en 1990. Foi cando empecei a conseguir revistas e aprender o que realmente era o skate. Parei uns anos e volvín a patinar ata agora.

No Barbanza non era eu só, pero sí que eramos moi poucos naqueles anos. A veces nos xuntabamos con xente de Boiro e de Noia, eu son de Ribeira. Pero eramos grupos de 3 ou 4 en cada pobo, e as rampas e skateparks eran inexistentes. Agás unha que había en Noia e que non daba para moito.

Agora, cando podo patinar disfruto como o primeiro día e sigo aprendendo cousas que non facía cando era máis novo. Hai máis xente que patina, máis sitios e máis acceso á información. Isto son 3 cousas que axudan moito a avanzar e mellorar.

Canto cambiou o movimento desde cando eras un cativo ata ahora?

Agora o skate é máis visible, ata sae en anuncios de todo tipo. Hai moita máis xente patinando, hai escolas de skate, máis tendas e o nivel é altisimo. Evolucionou unha barbaridade e non ten nada que ver co skate dos 90. Move moitos máis cartos, ata o punto de que hai skaters multimillonarios, algo inimaxinable naqueles anos. Ten as súas cousas boas e tamén as súas cousas malas. Creo que antes era un movemento máis orixinal e creativo.

Como ves un evento tal como o rompetiño, na zona do barbanza?

Vexoo ben. Un evento que estea ben feito e permita reunir a xente para pasar un bo rato sempre está ben. Hai outras moitas actividades a parte do skate, concertos... para un si tio como o Barbanza é unha proposta interesante e que pode atraer a moita xente.

PACO'S

MODA.ES

DESDE 1998

NOIA
BOIRO
VILAGARCIA



MYBOXEXPERIENCE

ENTREVISTA

RAÚL SUÁREZ

Rider BMX - RP



Raúl é como o bo viño, cos anos mellora... a súa actitude na bici, a súa forma de implicarse nos proxectos deportivos fan del un verdadeiro namorado das dúas rodas. Cada team de marca ten un lider que representa os valores dese deporte e que ademáis saiba trasladalos a súa vida cotiá. Raúl sempre demostrou que hai algo máis que dar moitos xiros cunha bici sobre un skatepark, e iso chámase clase. Presentamosvos a Raúl, o noso Capi RP Team.

Como foron os teus comezos na Bmx?

Pois foi sobre o 2007, eu montaba en mtb nunha pequena localidade (Verín). Tiñamos un circuíto de 4x no que se celebraron bastantes Opens de España. A uns amigos e ao meu chamounos a atención un mozo que voaba as liñas grandes do Campillo cunha bmx e desde aí foi cando me comprei unha de segunda man e enganchoume ata hoxe.

Como capitan do RP team, como coñeciches a Luis Pazos e como ves o futuro de Rompiente Clothing?

No 2012 creo, fun para o IES de Porto do Son a estudar o ciclo de actividades físico-deportivas no medio natural. Alí coñecín a un rapaz que patinaba e tiña os mesmos gustos musicais ca min, enseguida fixemos boas migas. A el encantáballe todo o que tivese que ver co tema urbano. Creou a marca de Rompiente por mor dun traballo no instituto no que estudabamos. E mira! Unha pequena marca que naceu dun traballo converteuse nun estilo de vida. Rompiente non é só unha marca de roupa, demóstrao ano tras ano realizando os seus eventos para fomentar tanto o deporte como a arte urbana " na nosa terriña" Galicia.

Cal é o teu obxectivo como rider?

Realmente non teño un obxectivo, o que quero é seguir gozando do bmx todo o que poida. O feito de montar cos meus amigos e botarme as risas con eles é o mellor. A familia que se crea, o bo rollo nas competis, montando con xente que levas moito tempo sen ver é a ostia.

Que ten que ter unha competicion de bmx para que mereza a pena?

Riders e cervexa! Jajajaja. Creo que nunha competi o que conta é o pasalo ben coa xente que che rodea, gozar deses momentos de "engorile" e pouco máis. O feito de ter un bo park axuda, os premios motivan á xente para querer vir, pero para min iso non é o esencial... A clave é simplemente montar!

Como ves o futuro do Rompetiño Jump?

A organización está a facelo cada ano mellor. Á parte de ser un bo equipo de traballo que se curran as cousas, simplemente baséanse en fomentar o crecemento de todo o que teña que ver co urbano, bmx, skate, grafiti, breakdance... E iso é digno de admirar.

Sen dúbida o rompejump é e será unha das competis por escelencia en Galicia.

Que generos musicais escoitas? Os teus raperos favoritos?

Escoito de todo a verdade, pero sempre me decantei máis polo rap. Dos meus raperos favoritos hai moitos, pero se teño que quedarme cun sería Kase O.

Como ves o panorama galego da bmx?

Brutal, en Galicia a pesar de non ser unha das capitais do bmx nacional como BCN ou Madrid, hai moito nivel. Contamos con riders que teñen un estilazo e son uns bestas sobre as 20 pulgadas como Pombini, Chile, os irmáns Sousa e as novas xeracións como Saúl, pero o que lles define é o amor que senten polo bmx e todo o que lle rodea.

Cal é o mellor skatepark no que montaches? E porque é tan especial?

Buff, difícil decidirme por un, cada Park ten algo distinto que che agrada. Pero creo que quedarei co de Navia en Vigo. Ten de todo e está moi ben deseñado. Pero sigo preferindo a rúa! Jajajaja

Se non fixeses bmx que deportes practicarías? practicas algún deporte a maiores?

Creo que seguiría co MTB ou algo que teña dúas rodas jajajaja. Gústame patinar ás veces que baixo ao skatepark, pero ao que deporte refírese gústanme todos.

RAÚL SUÁREZ

Sen dúbida o rompejump é e será unha das competis por escelencia en Galicia

Raúl Suarez no Rompetiño Jump 2018

La Bohemia
FOTOGRAFIA

AUTOESCOLA
MIGUEL

MIYARES
ELECTRICIDAD

Porto do Son
rúa Castelao 12 D 15970
Tlf: 981867415
Mov: 646486841

Lacentraljheladera®
helado artesano

5 - 6 - 7 de xullo no
Recinto Rompetiño

Proba as nosas especialidades en
Porto do Son

ENTREVISTA

FERNANDO DE CASTRO

Organización Rompetiño

"Puxémonos como obxectivo a redución de lixo e o lanzamento dunha mensaxe que axudara a concienciar á xente."

Nestas tres edicións do Rompetiño, a súa publicidade estase a convertir nun dos maiores reclamos do festival. Encabezadas pola figura de "Carmiña", as campañas anteriores conseguiron centos de miles de visitas e cada vez atraen a máis visitantes a Porto do Son. As persoas que están detrás destas campañas son o equipo de organización do evento, que miden tendencias e buscan mensaxes para divertirse e romper un pouco coas tendencias publicitarias. A de este ano convertiuse en toda unha revolución social. O invento do Louroness levou a convertir en viral unha imaxe xerada por ordenador. Falamos con Fernando de Castro, o responsable de Marketing do Rompetiño.

Cales foron os motivos da campaña?

Facer reflexionar á poboación sobre a veracidade da información e sobre os nosos intereses de atención. Compártese de forma automática os monstros do descoñecido, pero os lixos que lle botamos ao mar non son virais.

Como tivechedes a idea de inventar un monstro?

A verdade é que este verán tiven a sorte de visitar Escocia, e concretamente o lago Ness. Alí vin toda a parafernalia montada a partir do monstro e como a economía local disfrutaba das divisas de Nessie. Pensei que esa idea podería ser trasladable a Porto do Son, leveino a debate co equipo do Rompetiño e decidimos tirar cara a diante. As ideas tolas encántanlles!

Que queredes expresar co monstro?

O monstro e como un Gotzilla que ven do mar para lembrarnos o que facemos. Se fixeramos unha campaña para que a xente non tire lixo nas praias ninguén faría caso, deste xeito esperamos que se conciencien un pouco máis sobre do uso dos plásticos. O ano pasado, cando rematou o festival sentimos un verdadeiro baixón ao analizar a cantidade de residuos que se xeraron, por iso puxémonos como obxectivo de mellora a reducción de lixo e o lanzamento dunha mensaxe que axudara a concienciar á xente sobre o coidado da ría.

E que melloras xurdiron ademáis da campaña?

A reducción dos plásticos era unha das primeiras premisas, polo que estamos a traballar nun convenio cunha empresa e unha ONG para conseguir este obxectivo. Por todo isto este ano empregaremos o Vaso do festival como fetiche do evento. Unha porcentaxe da recadación dos asistentes que queiran levar ese vaso de recordo ou os que queiran doar o euro de custo, irá destinada á limpeza dalgunha praia da vila.

Pero, vos sabedes que a montáchedes gorda, verdade?

Intentamos ser prudentes cando o fixemos, non creas que non testeamos o fake antes de poñelo en circulación. Pregunteille a o profesor Xacobo de Toro sen contarlle nada da procedencia do vídeo e contestou " Isto é unha montaxe, non lle fagas caso", e eso era o que queríamos, que as voces expertas o tivesen claro para non xerar alarma social. Penso que todos sabíamos que era unha noticia falsa, incluidos os medios de comunicación pero tamén nos temos dereito a ter un monstro propio na ría.

E como convencichedes a Modesto?

Modesto é un gran pescador, toda a xente o coñece e era o gancho ideal, ademáis coincidiu que tiña unha viaxe a Francia e decidimos lanzar a campaña nese momento. Sobre o tema de convencelo, Modesto e veu claro cando lle explicamos o que queríamos facer, era un compromiso que teñen todos os pescadores cando saen ao mar e ven lixo nas súas redes, ademáis de promocionar o pobo de Porto do Son por toda Galicia.

Repetides actores, estades facendo xa unha serie?

Unha serie feita na casa, de baixisimo presuposto! A sogra, o pai, a muller...e sobre todo estes amigos infatigables que fan unha realidade do noso soño. Se non vichedes o documental, non o perdades no facebook do Rompetiño, paga a pena se queredes votar unhas risas.

MARISQUERÍA - PARRILLADA

HORREO

PIZZERÍA

Cabeiro
CAMPING GASTRO BAR

JM Fernández Valiño
CONSTRUCCIONES y RESTAURACIONES
Foloña, 8. NEBRA - Porto do Son
Tlfs. 981 854 093 - 610 254 605
juanferval@hotmail.es
RESPONSABILIDAD CIVIL
POLIZA Nº:

Congelados
Basoñas mar
cbm@congeladosbasonasmar.com
981 874 879
POL IND XARAS Nº82 RIBEIRA
PZA FANEQUEIRA Nº4 NOIA

MELCHOR FERRETERÍA
Maneiro González
Electricidad - Fontanería - Menaje
Pinturas impermeabilizantes

SER GALICIA

El LÍDER de VERDAD.

Carrusel Deportivo con Dani Garrido.

Las cuentas claras, sin necesidad de recurrir al VAR.

De 15:00h. a 01:30h.
CADENA SER **1.596.000**

De 15:00h. a 01:30h.
CADENA COPE 1.454.000

Dani Garrido Nº 1 en deporte

ONDE COMER

KOKO BURGUER
Rúa Contiña, 3, 15970
Porto Do Son – 981 85 31 57

PIZZERÍA ANXO
Rúa Campo Atalaia , 18, 15970
Porto do Son – 981 85 41 42

FOOD TRUCKS ROMPETIÑO
Esplanada Portuaria
Porto do Son

RESTAURANTE HORREO
Rúa Felipe III, 25, 15970
Porto do Son - 981 76 72 15

BAR ARENAS
Rúa Aguieira, 8 , 15970
Porto do Son - 981 76 72 00

A CANTINA DA LÚA
Rúa Camiño Novo, 15970
Porto do Son – 981 00 56 89

RESTAURANTE PORTO NADELAS
Av De Galicia, 6, 15970
Porto do Son – 981 85 40 07

RESTAURANTE O PORTO
Av. De Galicia, 65, 15970,
Porto do Son – 981 76 72 63

RESTAURANTE VILA DO SON
Rúa Trincherpre, 11, 15970
Porto do Son - 981 85 34 37

ONDE DURMIR

HOTEL VILA DO SON
Rúa Trincherpre, 11, 15970
Porto do Son - 981 85 34 37

CAMPING CABEIRO
Praia de Cabeiro, Noal
Porto do Son – 981 76 73 55

HOTEL O NOSO
Rúa Aldea O Mariño
Portosín – 981 76 60 62

satisfaction
koko burguer
100%
since 1993
Porto do Son
C/Contiña nº3
Tlf:981853157

A.G.M.A.

A.G.M.A., S.L.
B - 70.325.014

POLIG. IND. AGUALEVADA, PARCELA 18
15.200 - NOIA (A CORUÑA)
TLFN: 981 82 33 59

REALE SEGUROS

vella escola

Xoaniña
-MODA INFANTIL
-MERCERIA
-PAQUETERIA
C/buenos aires, bajo, Porto Do Son
SIGUENOS EN
636030880

Escola infantil - Pedagoxía activa

Agasalle

Unha cidade infantil

Instalacións efímeras das estacións do ano

Achegádevos pola escola.
Estamos na rúa Escultor Asorey 2A, -1.
Nas instalacións anexas ao Colexio La Salle en Santiago de Compostela.

981 071 023

facebook.- Agasalle Escuela Infantil
direccion@agasalle.es

reGalicia®

Tradición artesá ancestral

CIDADE ROMPETIÑO
Cidade da Cultura

Bboying battle

Parkour

GAIÁS CIDADE DA CULTURA

Cidade ROMPETIÑO

Final Campionato España de Scooter

@rompejumpfestival
louroness.es

Sábado 25 MAIO
10h - 20h

Foodtruck

Música

CATEGORÍAS SCOOTER
JUNIOR - OPEN FEMININO - OPEN MASCULINO - AKADEMY
Info, inscricións e licenzas federativas*: SCTESP.ES
*Licenza obrigatoria para competir

PARKOUR
QUEDADA DE PARKOUR
16:00h a 20:00h

MÚSICA
Música en directo
Mediodía con foodtrucks

BBOYING BATTLE
12:00h a 16:00h Pista aberta
16:00h a 17:00h Confirmacións
17:00h a 18:00h Filtros
18:00h a 20:00h Eliminatorias

RP Rompiendo
FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
XUNTA DE GALICIA
RFEP
WRG BARCELONA 2019 WORLD ROLLER GAMES
Mahou

ROMPETIÑO PARTY

@rompejumpfestival

25 DE MAIO - 21:30h

Santiago de Compostela

SALA MALATESTA

BATALLA CLASIFICATORIA ROMPETIÑO

O gañador/a competirá na Batalla final do Rompetiño o 6 de xullo en Porto do Son.

LOPES
FUSA NOCTA
ERIN DJ SET

Rompiente

Venda de entradas

Granier Santiago de Compostela - Paco´s Moda Noia - Paco´s Moda Boiro
Lolita Moda Ribeira - TresSesenta Porto do Son

Rompetino.org

PROGRAMACIÓN

CIDADE ROMPETIÑO
Santiago de Compostela

CIDADE ROMPETIÑO

Santiago de Compostela

25 de maio

2k19

25 de maio

	CIDADE DA CULTURA		Sala MALATESTA
	Praza Central	Xardin do Teatro	
10:00 horas	10:00-20:00 h **FINAL DO CAMPIONATO DE ESPAÑA DE SCOOTER** (Skate Park Rompetiño) Proba clasificatoria para o **Campionato mundial** **Modalides** Akademy (aberto a amateurs), Junior, Open Feminino e Open Masculino.		
11:00 horas			
12:00 horas		12:00-16:00 h **PISTA ABERTA** **BBOYING BATTLE** Campionato de baile **Allstyles 1 vs 1**	
13:00 horas			
14:00 horas			
15:00 horas	**MÚSICA AO MEDIO DIA SESIÓN VERMOUT + FOODTRUCKS**		
16:00 horas	16:00-20:00 h **QUEDADA PARKOUR**	16:00-17:00 h **CONFIRMACIÓNS**	
17:00 horas		17:00-18:00 h **FILTROS**	
18:00 horas		18:00-20:00 h **ELIMINATORIAS**	
19:00 horas			
20:00 horas			
21:00 horas			21:30 h **ROMPETIÑO PARTY** **BATALLA DE GALOS** Clasificatoria Rompetiño Jump (Porto do Son) **LOPES** **FUSA NOCTA** **ERIN DJ SET**
22:00 horas			
23:00 horas			
00:00 horas			

PROGRAMACIÓN

ROMPETIÑO JUMP
PORTO DO SON

ROMPETIÑO JUMP
Porto do Son
5 - 6 - 7 de xullo
2k19

5 de xullo

	Area Chill	Area deportiva	Music Zone
11:00 horas			
12:00 horas	**Apertura de recinto** TERRAZAS - SHOP ZONE & FOOD-TRUCKS	12:00-14:00 h **ADESTRAMENTOS PARKOUR SPEED CONTEST & Check in**	
13:00 horas			
14:00 horas	CONCERTO **LOS ALCÁNTARA** NORDESÍA		
15:00 horas			
16:00 horas		16:00-18:00 h **ADESTRAMENTOS BMX**	
17:00 horas	**GRAFFITI**	17:00-19:30 h **SKIMBOARD**	
18:00 horas		17:30-19:30 h **PARKOUR SPEED CONTEST**	
19:00 horas		18:30-19:30 h **EXHIBICIÓNSFLAT LAND ROLLER E BMX**	19:30 h **APERTURA DE PORTAS** 20:00 h CONCERTOS **DJ MARTIN PÉREZ** **STEELO F** **GREAT KINGS - EL SOED** **RECYCLED J & SELECTA** **FERNANDO COSTA** **KAIXO** **KIKE VARELA**
20:00 horas		**ENTREGA DE PREMIOS**	
21:00 horas			
22:00 horas	22:00-02:00 h **DJ SET**		
23:00 horas			
24:00 horas			
01:00 horas			
02:00 horas			

6 de xullo

Area Chill	Area deportiva	Music Zone
	11:00-14:00 h **ADESTRAMENTOS BMX & Check in**	
Apertura de recinto TERRAZAS - SHOP ZONE & FOOD-TRUCKS		
CONCERTO **THE TETAS VAN**		
	16:00-20:00 h **BMX CUP**	
GRAFFITI	16:00-20:00 h **ALL STYLES BATTLE**	
	16:00-20:00 h **KIDS ZONE AGASALLE**	
	17:00-20:00 h **TALLERES PARKOUR**	
		19:30 h **APERTURA DE PORTAS**
	ENTREGA DE PREMIOS	20:00 h CONCERTOS **DJ MARTIN PÉREZ** **BATALLA DE GALLOS** **SHOTTA** **ERIN** **DOLLAR SELMOUNI** **DJ MIL** **GROOVE AMIGOS**
22:00-02:00 h **DJ SET**		

7 de xullo

Area Chill	Area deportiva	
		11:00 horas
	11:30-14:00 h **ADESTRAMENTOS SKATE CUP & Check in**	
Apertura de recinto TERRAZAS - SHOP ZONE & FOOD-TRUCKS		12:00 horas
		13:00 horas
CONCERTO **THE LAST DANCE**		14:00 horas
		15:00 horas
	16:00-20:00 h **SKATE CUP**	16:00 horas
GRAFFITI	17:00-20:00 h **TALLERES PARKOUR**	17:00 horas
	16:00-20:00 h **KIDS ZONE AGASALLE**	18:00 horas
	17:00-18:00 h **EXHIBICIÓN BAILE 1** 19:00-20:00 h **EXHIBICIÓN BAILE 2**	19:00 horas
	ENTREGA DE PREMIOS	20:00 horas
		21:00 horas
22:00-02:00 h **DJ SET**		22:00 horas
		23:00 horas
		24:00 horas
		01:00 horas
		02:00 horas

ROMPETIÑO JUMP

PORTO DO SON

Concello de Porto do Son

colaborador oficial do Rompetiño Jump 2018

ISTO NON É
UNHA MARCA,
É UNHA
ACTITUDE
MOI
ROMPIENTE
RP
SURFING TEAM
Clothing Surfing Original

Puerto de Indias
SEVILLIAN GIN PREMIUM

RP

ROMPETIÑO 2K19

BARRICA

Mahou